

# MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.<sup>1</sup>

En virtude do inexplicable cambio de lexislación á metade do curso procede realizar cambios na programación didáctica do departamento de matemáticas. Dada a redución do tempo lectivo será complicado alcanzar os obxectivos marcados a principio de curso.

Do mesmo xeito suprimense todas as referencias da programación á avaliación extraordinaria en ESO.

## NOTA FINAL DE XUÑO:

Se un alumno/a ten aprobadas as tres avaliacións a súa nota final será a nota media das tres avaliacións (ponderada ou non dependendo da cantidade da materia ou cantidade de criterios de avaliación analizados en cada avaliación). A nota da avaliación ordinaria non será a nota da terceira avaliación.

Se un alumno ten só unha avaliación suspensa realizará no exame final a recuperación da materia correspondente a dita avaliación. Para aprobar a materia deberá obter polo menos un 5 na cualificación de dito exame final.

Se un alumno ten dúas ou máis avaliacións suspensas fará un exame final de toda a materia. Para aprobar a materia, deberá obter polo menos un 5 na cualificación en dito exame final.

## AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

**Debido ao cambio de lexislación só será aplicable ao bachalerato.**

Esta avaliación farase a través dunha proba escrita deseñada para comprobar se o alumno/a acada os criterios esixibles. Para aprobar a materia deberá obter polo menos un 5 na cualificación en dito exame extraordinario.

## SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada alumno/a *será outorgada como consecuencia do proceso de avaliación, será un reflexo de tódalas actividades susceptibles de avaliación e terá en conta o progreso, os obxectivos e capacidades acadados por cada alumno ó longo do curso*. A consecución dos mesmos obxectivos por dous alumnos que inician o curso en distintas situacións non suporán necesariamente a mesma avaliación para ambos.

En tódolos casos a avaliación outorgada a calquera alumno/a terá que estar de acordo cos principios métodos e procedementos propostos na presente programación didáctica, ser xustificable de acordo coa mesma e dita xustificación terá que realizarse por escrito si así fose solicitada.

---

<sup>1</sup> En rojo figuran las partes que suponen un cambio respecto de la programación enviada a principio de curso.

A ausencia de explicacións na solución dos exercicios que o requiran repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución sen explicación.

Para a cualificación final por avaliación, o departamento establece o seguinte baremo:

En 1º e 2º de ESO:

- 80% Contidos e procedementos. Realizaranse probas, traballos e exames das distintas unidades didácticas ou dos distintos contidos matemáticos da programación, que poderán ser tanto orais como escritas. Se un exame engloba máis materia que outros poderá ter máis peso no cálculo da media, de forma que esta poderá ser ponderada.
- 20% Traballo diario que poderá ser tanto o realizado na aula como na casa. Actitude participativa (traballos, actividades complementarias, lecturas matemáticas, participación no blog, concursos, ...) e positiva (puntualidade, actitude e ausencia de faltas) Dito porcentaxe farase a criterio do profesor.

En 3º e 4º de ESO:

- 90% Contidos e procedementos. Realizaranse probas, traballos e exames das distintas unidades didácticas ou dos distintos contidos matemáticos da programación, que poderán ser tanto orais como escritas. Se un exame engloba máis materia que outros poderá ter máis peso no cálculo da media, de forma que esta poderá ser ponderada.
- 10% Traballo diario que poderá ser tanto o realizado na aula como na casa. Actitude participativa (traballos, actividades complementarias, lecturas matemáticas, participación no blog, concursos, ...) e positiva (puntualidade, actitude e ausencia de faltas) Dito porcentaxe farase a criterio do profesor.

En Bacharelato:

- 100% Contidos e procedementos dado que que a ensinanza non é obrigatoria. Realizaranse probas, traballos e exames das distintas unidades didácticas, que poderán ser tanto orais como escritas. Se un exame engloba máis materia que outros poderá ter máis peso no cálculo da media, de forma que esta poderá ser ponderada.
- Avaliación Matemáticas II Bacharelato Ciencias. levará a cabo unha avaliación continua por bloques de contido: Análise, Álgebra, Xeometría e Estatística. Na primeira avaliación dous exames de Análises (40% o primeiro exame e 60% o segundo exame). Na segunda avaliación dous exames de Xeometría (40% o primeiro exame e 60% o segundo exame). Na terceira avaliación dous exames de Xeometría e un de Estatística (30% primeiro exame de Xeometría e 40% o segundo exame, 30% o exame de Estatística) A nota final do curso será a nota media das tres avaliacións.

A nota da avaliación resultará de aplicar o exposto anteriormente e trincar o resultado. Logo para aprobar a avaliación será necesario que os alumnos acaden un 5.

Todos os alumnos que non acaden un 5 nunha avaliación deberán facer un exame de recuperación que tratará dos contidos de dita avaliación. Para superar a avaliación suspensa en dita proba deberá acadar un 5.

Se un alumno/a cometera algunha falta grave no momento dos exames tal como copiar, intercambiar información, utilizar chuletas, utilizar dispositivos electrónicos non autorizados... a súa cualificación será a nota mínima, un cero.

Os alumnos coas Matemáticas suspensas de cursos anteriores serán avaliados en dous exames o longo do curso, tendo un terceiro exame final en Maio se non superan cada un dos dous exames anteriores. Para superar a materia será necesario que acaden un 5 en cada un dos exames ou un cinco na proba final de Maio. É condición indispensable para aprobar a realización das actividades que o departamento designa para os alumnos coa materia de cursos anteriores suspensa. Ditas actividades poderán ser entregadas polo departamento ben virtualmente ou presencialmente e serán realizadas e entregadas tamén de forma virtual ou presencial segundo proceda.

Os alumnos que cambien de opción de Matemáticas Académicas a Matemáticas Aplicadas en ESO, ou ben de Matemáticas I a Matemáticas Aplicadas ás Ciencias sociais I ou ben de Matemáticas II a Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II e teñan aprobadas as correspondentes Matemáticas Académicas, Matemáticas I ou Matemáticas II poderán solicitar o aprobado en Matemáticas Aplicadas, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II respectivamente cunha nota de 5. Se desexan obter unha nota superior deberán realizar as probas de Matemáticas suspensas de curso anteriores e sacar unha nota superior a 5.

Os alumnos que teñan unha Adaptación Curricular no presente curso e a materia do curso anterior suspensa, deberán recuperar a materia do curso anterior na mesma modalidade que aparece suspensa.

### **Xustificación de faltas de asistencia**

Os pais/nais/titores/titoras deben comunicarlle ao profesor/a ou titor/titora de xeito anticipado, sempre que sexa posible, cando un alumno non poida facer unha proba, así como a causa de tal impedimento. Se non o puidera facer antes da proba comunicarao o antes posible e sempre antes da seguinte proba. En ningún caso se fará unha proba a un alumno/a, que faltara no seu día sen xustificación, unha vez entregadas as cualificacións da avaliación correspondente e nese caso a cualificación será cero.

En caso de que o profesor así o requira deberá aportarse certificado médico oficial (en case de enfermidade) e, en calquera outro caso, documento que acredite a imposibilidade realizar a proba.

### **Actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final da ESO**

Na ESO e BAC as actividades para os alumnos suspensos serán de apoio, reforzo e recuperación. Para os alumnos aprobados serán de ampliación. Poderanse realizar neste período de tempo todo tipo de probas ou exames que o profesor estime oportuno para a avaliación do alumno podendo estas facer variar a nota da avaliación ordinaria.